

CONSELLOS

- ▶ Non compre se ten dúbidas sobre a seguridade do sitio ou das transaccións necesarias.
- ▶ Busque referencias sobre a tenda en foros de opinión ou similares.
- ▶ Antes de comprar, lea detidamente a política de privacidade para saber que uso se fará dos datos proporcionados.
- ▶ Recorde que existen sistemas de pago seguros como PayPal.
- ▶ Recorde que o prazo de desistimento é de 14 días naturais, ou 12 meses si non lle informaron debidamente sobre o mesmo.
- ▶ Unha vez exercido o dereito de desistimento, deberán aboarlle as cantidades satisfeitas (incluídos os gastos de envío ou entrega) nun prazo de 14 días.
- ▶ De non realizar o reembolso no tempo estipulado, poderá reclamar que se lle pague o dobre do importe aboado.
- ▶ Se vostede recibe un produto non solicitado, non está obrigado á súa devolución nin custodia.

Teléfono gratuito
de información
ao consumidor

900 23 11 23

 INSTITUTO
GALEGO DE
CONSUMO

Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5 baixo
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 54 45 12 - Fax 981 54 45 99
www.igc.xunta.es



XUNTA
DE GALICIA

galicia

COMERCIO ELECTRÓNICO:

COMPRAS SEGURAS


O comercio electrónico é unha modalidade de compra a distancia que consiste na adquisición de produtos a través de Internet.



XUNTA DE GALICIA

Para identificar un **sitio** online seguro debemos ter en conta os seguintes indicadores:

- ▶ Compruebe que a url do sitio coincide coa web onde cre que está.
- ▶ Asegúrese de que o **http** muda por **https://** antes de introducir datos persoais. A “s” indica que a tenda está aloxada nun servidor seguro.



- ▶ Busque a icona dun cadeado, xa que nos asegura que a información se encriptará. Tamén pode aparecer unha chave.
- ▶ Teña en conta que se na páxina pode ver algún certificado de seguridade existente, significa que a tenda ofrece unha garantía de confianza adicional.



A **páxina** ten que ofrecer toda a información necesaria sobre a tenda e as condicións de compra:

- ▶ Busque os datos fiscais, o enderezo completo do establecemento e o número de teléfono, fax e correo electrónico para contactar en caso necesario ou realizar unha reclamación.
- ▶ Infórmese dos gastos de envío (e outros gastos asociados se existisen).
- ▶ Prazos de entrega: estes nunca deberán exceder os 30 días que marca a normativa vixente.
- ▶ Formas de pago: infórmese das opcións que nos ofrecen para realizar o pago.
- ▶ Devolucións. Busque a información sobre o dereito de desistimento e os gastos de devolución.
- ▶ O establecemento deberá informar sobre o procedemento para atender as reclamacións.
- ▶ Recorde, que os establecementos adheridos ao sistema arbitral de consumo ofrecen unha maior garantía en caso de conflito.

O **produto** debe ofrecer a seguinte información previa á súa contratación:

- ▶ Etiquetado obrigatorio do produto, segundo o tipo de artigo.
- ▶ Descrición das características básicas como a cor, o tamaño, ...
- ▶ Garantías legais e comerciais que ofrecen.
- ▶ Prezo final do produto, incluídos os impostos e taxas.
- ▶ Como exercer o dereito de desestimento que lle permite devolver sen penalización, nin custe, calquera produto á excepción de:
 - Produtos cuxo prezo estea suxeito a flutuacións no mercado.
 - Produtos personalizados
 - Produtos que poidan deteriorarse ou caducar con rapidez.
 - Produtos que foran desprecintados e non se consideren aptos para ser devoltos por entrañar un risco para a saúde ou hixiene.
 - O subministro de gravacións sonoras ou de vídeo precintadas ou de programas informáticos precintados que foran desprecintados despois da entrega.
- Prensa diaria